

Orixe

Fonte da costa baixa,
auga da escura terra,
a túa branda codia
sabe a isa promesa
dun mundo transparente
feita en verbas espesas.
Fonte de caño ruín,
¡berce da miña mesa!
que, co golpear do ferro,
como arrollo da serea,
trae a perdición ós ollos
cando a preguiza esperta.

Túa alma é clara e fría,
cheira a metas e a penas
que nesta, a túa pía,
baleirou a xente da aldea.
Túa carne é crúa pel,
¡sabe a metal e a festa!
cando unha moza agarda
sentadiña nas pedras.

Tumba de pedra verde,
cadaleito da serea,
camposanto que gardas
preguntas nunca feitas,
onde conta as miserias
a xente desta terra.

Axoúxere oxidado
para o laio da doncela,
sepulcro dos amores,
¡orixe da nosa aldea!.

Fonte da alta terra xen,
tumba de toda pena,
berce desta riqueza,
garante do noso ben.
¡Cando beber me vexas
non llo digas a ninguén!.

Eternidade

Agora chega a ilusión
do morno son
daquela voz.
Mais vai veloz
xa, cando o tempo se detén.
Xa o sabes ben:
Que o el voltar
de novo a andar
e ó rouba-lo son a calor
da fría suor,
non has ser quen
de te mover.

Mitoloxía

Os fillos da lavandeira
traen a saba manchada
co sangue do seu pecado
á porta da nosa casa.
Cando o ocaso lles chega
e fai dos meigos pantasma,
aprovéitanse dos medos
da pobre xente que clama
que eles, só eles, talaron
a nosa fraga encantada.

Os fillos da lavandeira
vendéronnos esperanzas
de que só eles serían quen
de lava-las nosas sabas
sen ter que lixa-lo río
do cal a forza manaba
por entre as brumas da historia,
¡o berce da nosa raza !.
Pediron que ignorasemos
as cadeas que portaban,
nunca escravos da vergoña
que o noso pobo ancoraba.

Trouxeron a escravitude
cos trasnos que gobernaban,
que pedían máis chicharos,
todos os que a fraga daba
¡Cobrar do que fora noso!

¡Anque por máis que contaran
nunca puideron coñecer
a cifra dos que gardaban!.

Deron todo o ouro ás mouras,
¡un fato de lacazanas!,
elas sempre andando a mesar
os seus cabelos de prata,
e usárono para compraren
peites que se elaboraran
cos ósos dos devanceiros
¡roubaron nosas lembranzas!.

Levaron os nosos soños
os tardos de mente parva,
e ficamos sen ilusións,
a esencia da nosa alma
¡o Porvir do noso pobo
nun mal presente borraban!.

Enviaron os seus canouros
ós que de nós protestaban,
ante a aldraxe do pobo
a súa carraxe amosaban,
e os que o ouvido das bestas
na loita non escoitaban,
anque sen medo viviron
en poucas horas finaban.